

RELIXIÓN CATÓLICA - CURSO 2002-23

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º ESO

CENTRO: IES SANTA IRENE

CURSO: 2º ESO

DEPARTAMENTO: Relixión Católica

Anexo á programación para dar resposta á **Orde de 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar na Comunidade Autónoma de Galicia e na que se establece o seguintes aspectos:**

“As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023. A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final”.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua e formadora. Respecto aos criterios de cualificación, valorarase:

Relativos a técnicas e hábitos de estudo (80%):

- A realización das tarefas e a valoración positiva de traballos por iniciativa propia.
- A destreza na elaboración de esquemas, síntese, resumos e traballos bibliográficos.

Relativo á presentación das tarefas requeridas (10%):

- Levar ao día e entregar con puntualidade os traballos da materia polo medio que indique o docente
- Esmero na presentación do caderno e traballos.
- A corrección na organización e estrutura do caderno de clase.
- Observar boa caligrafía e limpeza no traballo de clase e demais traballos

Relativo ao comportamento, actitude e asistencia (10%):

- A disposición de traballo activa e participativa (en calidade de membro ou voceiro) no grupo.
- A asistencia con regularidade a clase cos materiais necesarios.
- Manter en clase unha conduta correcta.
- Respecto aos compañeiros, profesores, instalacións e materiais do instituto.

A promoción do alumnado está determinada pola normativa e polos criterios acordados no centro. Con respecto á perda de avaliación continua nos remitimos ao NOF do centro e á lexislación vixente

CUALIFICACIÓN FINAL

Térase en conta a media aritmética da suma das cualificacións das tres avaliacións.

Empregarase, para a súa obtención, a nota obtida en cada avaliación.

O alumnado que non teña aprobadas as tres avaliacións ou que a súa nota final no sexa igual ou superior a 5, deberá presentarse a unha proba final escrita que terá un peso do 100%.